



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 28/08/2009 ACTA Nº 10

ASISTENTES:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
- D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
- D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
- D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
- D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
- D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
- D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
- D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
- D^a. M^a Cándida Carnero Blanco, grupo PP
- D^a M^a Isabel Carbón Seijas, grupo PP

Ausentes:

- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP, que xustificou a súa ausencia.

SECRETARIO:

- D. Rafael del Barrio Berbel.

INTERVENTORA:

- D^a Mónica legaspi Díaz

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as trece horas do día 28 de agosto de dous mil nove, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR DO DÍA 31/07/2009.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente a sesión



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

ordinaria anterior do día 31/07/2009.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade.

2º.- DETERMINACION DIAS FESTIVOS LOCAIS ANO 2010 EN CHANTADA.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o escrito da Delegación Provincial de Traballo de Lugo de data 29/07/2009, RE nº 2578, de 4/08/2009, no que se solicita ao Concello de Chantada a determinación dos días festivos locais a efectos da confección do calendario laboral do ano 2010.

Considerando o establecido no artigo 21.1 e 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda do día 26/08/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Varela Rodríguez sinala que como dixo na comisión informativa non está de acordo nesas datas, xa que preferiría o “martes da empanada” e outra festa local como o “martes de entroido”, pero o equipo de goberno é o que decide en Xunta de Goberno e dá conta ao Pleno.

O Sr. Alcalde explica que o asunto tráese ao Pleno por motivos de prazos e porque afecta a todos os chantandinos, e que a festa local de San Lucas é unha festa tradicional e estase intentando recuperar esa zona de San Lucas cun área recreativa.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2010 no termo municipal de Chantada os seguintes:

24 de agosto, martes “da empanada”.

18 de outubro, lunes, “San Lucas”.

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo á Delegación provincial de Traballo de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2008.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Resultando que en data 25/06/2009 reuniuse a comisión especial de contas para examinar e informar a Conta xeral do exercicio 2008, someténdose a mesma a exposición pública por un prazo de 15 días (BOP nº 157, de fecha 10/07/2009).

Visto o certificado do Secretario Municipal do día 18/08/2009 sobre o Edicto da “Conta xeral do Concello de Chantada do exercicio de 2008” exposto ao público no Boletín Oficial da Provincia sen que se houberen presentado reclamacións.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Considerando o disposto no artigo 212 do TRLHL, sometese de novo a informe da Comisión Especial de Contas previamente a súa aprobación polo Pleno.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 22.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda do día 26/08/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Varela di que sería unha oportunidade para aprobar a conta xeral por unanimidade, pero debido a que o ano 2007 fora compartido e abstivéronse, agora abstéñense tamén aínda que a conta xeral está ben formada.

O Sr. Alcalde di que a abstención foi polo desfasamento de gasto e o recoñecemento extraxudicial co que non estaban de acordo, o que provocou unha situación moi precaria que aínda hoxe se arrastra con moitos problemas de xestión agravados agora pola crise económica.

O Sr. Varela sinala que como xa dixo entón habería que analizar as facturas do segundo semestre de 2007, xa que todos contribuíron ao desfasamento, e que se entón votasen a favor agora tamén votarían a favor.

A Sra. Carbón Seijas sinala que vai votar en contra porque como se sinala no informe de Intervención, traballouse con orzamentos prorrogados cos problemas que iso leva, e con ingresos e gastos non reais, xa que o bipartito desde que goberna desde o ano 2007 non presentou os seus primeiros orzamentos ata o ano 2009.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, catro abstencións do grupo PP (D. Manuel L. Varela Rodríguez, D. José Castor Novoa Fernández, D. Manuel Diéguez Carballo, e D^a M^a Cándida Carneiro Blanco), e un voto en contra do grupo PP (D^a M^a Isabel Carbón Seijas), ACORDA:

UNICO.- Aprobar a conta xeral do Concello de Chantada do exercicio de 2008 e render a conta ao Consello de Contas de Galicia.

4º.- ADXUDICACION PROVISIONAL CONTRATACION OBRA: “EDIFICIO MUNICIPAL DE USO MÚLTIPLE: ESCOLA DE MÚSICA E DANZA E OFICINAS SINDICAIS” FINANCIADA POLO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL. EXPTE: 261/117/2009.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o proxecto de obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”, redactado por “Prácido Lizancos amora Arquitectura”, cun presuposto de licitación de 1.395.598,37 euros e 223.295,74 euros de IVE, aprobado por acordo plenario de data 15/01/2009.

Visto o Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban Créditos Extraordinarios para Atender ao seu Financiamento; e a autorización para o financiamento do citado proxecto por Resolución polo Secretario de Estado



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

de Cooperación Territorial de data 28/01/2009 e que esta, foi publicada na páxina Web do Ministerio de Administracións Públicas.

Resultando que por acordo plenario de data 31/07/2009 se aprobou o expediente de contratación e nova licitación da obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”.

Considerando o disposto en canto á tramitación de urxencia nos artigos 96 da LCSP, 52 da Lei 30/92, e 9 do Real Decreto Lei 9/2008, do 28 de novembro de 2008.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal de data 26/07/2009.

Visto o informe técnico de valoración das ofertas técnicas de data 24/08/2009 redactado polo Aparellador municipal, Clemente Fradejas Morillo, o Director facultativo da obra, Plácido Lizancos Mora, e o Director de execución da obra, José María Palomero.

Vista a acta da Mesa de Contratación de data 26/08/2009 na que se propón, de acordo co informe técnico, a adxudicación provisional do contrato de obra á mercantil “Antonio Framiñan, S.L. “.

Visto o informe favorable de Intervención Municipal de data 26/08/2009, e a fiscalización de conformidade á presente proposta.

De conformidade co establecido nos artigos 6, 65, 75.5, 105 e seguintes, 135.3, 153, 154, 155, 162, 212 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; e 118 a 179 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda do día 26/08/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Ledo Fernández explica que hai diferenzas considerables entre a oferta da empresa “Antonio Framiñan, S.L. e as outras ofertas, ata respecto ao anterior adxudicatario, xa que as melloras ascenden a 147.000 euros fronte a 115.000 euros. Sinala tamén que xa se iniciaron os contactos coa empresa e que é unha empresa solvente que está disposta a realizar as obras coa máxima celeridade, iniciándoas antes de mediados de setembro.

O Sr. Varela afirma que participa na Mesa de Contratación, que o proceso fíxose con transparencia, e que as ofertas analizáronse por tres técnicos elixíndose á mellor, polo que van apoiar a adxudicación a esta empresa esperando que cumpra os prazos e non se perda a subvención do Estado.

O Pleno da Corporación, por once votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG e catro membros do grupo PP, e unha abstención correspondente á Sra. Carbón Seijas do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais” á mercantil “Antonio Framiñan, S.L. “ con CIF: B-36224798, como autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación, de acordo coas seguintes condicións de execución ofertadas que pasan a ter carácter contractual:

- Prezo de 1.395.598,37 euros e 223.295,74 euros de IVE.
- Redución de prazos administrativos propostos.
- Redución do prazo de execución da obra a 8,5 meses.
- Ampliación do prazo de garantía das obras a 5 anos.
- Compromiso de fomento do emprego coa contratación de 15 traballadores desempregados durante 34 semanas, dos cales 4 serán mulleres.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- Melloras no sistema de aforro de enerxía e illamento térmico do edificio por importe de 92.700,21 euros.
- Melloras en equipamento adicional á obra que mellore a súa funcionalidade por importe de 14.929,23 euros.
- Outras melloras propostas polo licitador: Incremento da porcentaxe de control de calidade ata un 3% (23.455,43 euros); Instalación dun sistema de detección de incendios mediante detectores de monóxido de carbono e aviso mediante sireas acústicas (9.671,23 euros); Aumento da sección de montantes principais dos muros cortina mediante o paso ao seguinte tipo de perfil estándar (6.507,36 euros).

SEGUNDO.- Notificar a adxudicación provisional a todos os licitadores e requirir o adxudicatario provisional do contrato para que presente no prazo máximo de cinco días a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e constitúa a garantía definitiva por importe de 69.779,92 euros (5% do importe de adxudicación sen IVE).

TERCEIRO.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante un anuncio no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

5º.- APROBACION INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANA DE CHANTADA. EXPTE: 314/01/2007.

Visto o proxecto do “Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada” redactado pola empresa “Eptisa Servicios de Ingeniería, S.A.” que consta da seguinte documentación (RE nº 1691 de 21/05/2009):

- Memoria xustificativa das súas fins e obxectivos (doc. I)
- Estudo do medio rural (doc. II)
- Análise do modelo de asentamento (doc. III)
- Planos de información (doc. IV)
- Planos de ordenación urbanística (doc. V)
- Normas urbanísticas (doc. VI)
- Estratexia de actuación e estudo económico (doc. VII y VIII)
- Catalogo de elementos a protexer (doc. IX)
- Informe de sustentabilidade ambiental
- Anexo I: Ordenación pormenorizada do SUD-R1

Visto o Informe de Sustentabilidade Ambiental, que recolle os criterios contidos no documento de referencia redactado polo órgano ambiental en data 18/06/2007.

Visto o informe previo á aprobación inicial da Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio, do día 19/07/2006, RE nº 1757 de 8/08/2006.

Vistos os informes das administracións sectoriais afectadas previos á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal: Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal de data 21/08/2009.

Considerando o disposto nos artigos 52 e seguintes e 84 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; e na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Considerando o establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Dictaminado favorablemente pola comisión Informativa de Urbanismo do día 26/08/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Alcalde explica en liñas xerais o Plan Xeral de Ordenación Urbana que se presenta a aprobación inicial, sinalando que o próximo día 9 ás 20.00 horas exporase e explicárase ao público na residencia da terceira idade. Xustifica a súa necesidade en que o anterior Plan Xeral de 1985 estaba xa desfasado. Sinala tamén que é preciso cumprir os prazos establecidos pola Consellería de Urbanismo que subvenciona a redacción do mesmo.

O Sr. Varela di que polo menos por educación e cortesía deberíase facer unha reunión co equipo redactor e dar explicacións máis exhaustivas a todos os concelleiros, sobre todo respecto das melloras ou cambios desde a aprobación inicial do ano 2002. Tamén sinala que probablemente en poucos meses haxa que adaptalo á nova lei do solo que está en tramitación, polo que conclúe afirmando que se van a abster.

O Sr. Alcalde sinala que o Plan Xeral estaba no Concello e podíase ver por calquera concelleiro, sobre todo polos membros das comisións informativas, e podían solicitar a información oportuna. Sinala tamén que espera que se aprobe por unanimidade porque o é o mellor plan para Chantada e hai que potenciar entre todos a cultura urbanística neste Concello.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e cinco abstencións correspondentes os membros do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada e o Informe de Sostenibilidade Ambiental nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nos dous xornais de maior difusión na Provincia. Durante dito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

TERCEIRO. Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cunhas novas determinacións que supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO. Dar audiencia aos Municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e someter o Plan ás consultas previstas no documento de referencia.

QUINTO. Solicitar ás Administracións Públicas competentes os informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.”

6º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

6.1.- Moción sobre a anulación por parte da Xunta de Galicia da instalación da rede Wimax.

“Coñecemos dende hai máis de medio ano que se proxectara, deseñara e orzamentara (57,5% de Fondos Europeos de Desenvolvemento Rural, 21% AGADER e 21,5 % o



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Estado) a instalación dunha rede de telecomunicacións sen fíos de acceso á internet de banda larga nos concellos do sur de Lugo, algúns do norte de Ourense e Rodeiro en

Pontevedra. Esta iniciativa, foi presentada en Chantada a finais do ano 2008, en concreto o día 12 de decembro.

Os que ademais, temos a posibilidade de acceder a internet, sobemos pola web de AGADER, no apartado de transparencia e boas prácticas, - http://agader.xunta.es/Transparencia_Contratacion.do - que a realización se iniciou co anuncio do concurso da instalación no DOG do 1 de decembro de 2008 e seguindo os pasos administrativos ordinarios concluíu coa adxudicación definitiva á empresa seleccionada, o día 2 de marzo de 2009.

Tamén nos ilusionamos coas características do servizo e cos prezos ofertados. Internet a unha velocidade máis que aceptábel a menos de 30 €, servizo de altas prestacións, 6 MB a menos de 55 €, e servizo telefónico por 18 € ao mes.

Cando hai pouco coñecemos que a Xunta de Galiza decidira anular o servizo, ao igual que as empresas turísticas, gandeiras e de calquera tipo instaladas no noso rural, non dábamos creto. A xustificación no suposto atraso da empresa adxudicataria no cumprimento dos prazos era de todo punto inconsistente pois todas e todos sabemos que son atrancos bastante frecuentes en calquera tipo de contratación.

Pero máis sorpresa nos produciu aínda a última xustificación dada non hai moitos días pola Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, D^a Raquel Árias, referida a tecnoloxía elixida, que segundo dixo, non serve para prestar un bo servizo en crara contradicción cos informes emitidos polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicacións que avalaron o proxecto e por suposto os dos técnicos redactores do mesmo.

Tamén é coñecido que países avanzados do norte de Europa como Finlandia que é o mesmo que nomear a un país á cabeza mundial na implantación e uso de internet, o porto de Amsterdam, un dos do mundo con maior volume de tráfico ou o metro de Madrid que instalaron para servizo dos usuarios e mesmo para a seguridade dos comboios esta tecnoloxía por avanzada, por segura e por fiable.

Temos decidido non consentir que se despoxe á nosa comarca dun servizo imprescindible á altura en que estamos. Precísano os empresarios do rural, as mozas e mozos, o turismo a cidadanía en xeral e particularmente os maiores aos que doutro xeito é imposible darlles un servizo de teleasistencia que precisan de xeito perentorio.

Os plans para toda Galiza, que a Xunta anuncia para final de ano, non nos valen porque xa os temos disfrutado en anteriores etapas de goberno do P.P. e os resultados están á vista. Pola contra o plano piloto de servizo de internet do Courel e Samos que leva funcionando máis dun ano, precedente do deseñado para as comarcas do sur da provincia, é unha realidade das que de ningún xeito queren prescindir as veciñas e veciños de Chantada, e se hai dúbidas non hai máis que comprobalo directamente coas asociacións, empresarios e veciños do Courel.

Queremos comunicar tamén que estamos decididos a colaborar con calquera que teña a disposición de defender o medio rural e impedir que se nos quite un servizo que xa é noso e que foi feito cos cartos de todas e todos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Por todas estas razóns o equipo de goberno do Concello de Chantada propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Que a Xunta cumpra coa empresa adxudicataria os termos do contrato poñendo a disposición da empresa as infraestruturas comprometidas para instalar as antenas e se lle fixe un prazo curto, que non vaia máis alá de setembro, para a posta en servizo de internet e teléfono aos prezos convidados.

2.- Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galiza, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á de Medio Rural e á de Economía e Industria.”

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Varela di que moitos participaron nesa presentación e saíron contentos, pero se co novo goberno vaise a mellorar este tipo de comunicación, habería que esperar e se non se fai reclamar entón, polo que se vai a abster e esperar á nova comunicación da Xunta.

O Sr. Piñeiro Díaz di que é unha postura lóxica, pero que levan esperando moito tempo, e agora estaba solucionado o problema e todos os técnicos dicían que era a mellor tecnoloxía para a zona rural, quítase sen dar explicacións.

O Sr. Alcalde apunta que a operación impediuna a Delegada Territorial da Xunta sen dar explicacións aos concellos, e saboteando unha reunión que houbo aquí facendo unha convocatoria paralela só para cargos do PP, saltándose todas as relacións institucionais.

Sometida a moción a votación é aprobada por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, catro abstencións do grupo PP (D. Manuel L. Varela Rodríguez, D. José Castor Novoa Fernández, D. Manuel Diéguez Carballo, e D^a M^a Cándida Carneiro Blanco), e un voto en contra do grupo PP (D^a M^a Isabel Carbón Seijas).

6.2.- Moción sobre a grautidade dos libros de texto.

“As nais e os pais do alumnado levan décadas loitando por unha mesma causa: que os libros de texto escolares sexan gratuítos para as familias con fillos e fillas matriculados en colexios públicos e concertados. Se como di a Constitución española no seu artigo 27.4 o "ensino básico é obrigatorio e gratuíto", os manuais de texto que o alumnado necesita para seguir o curso tamén deberían selo. Tal e como está configurado o sistema educativo, o libro é aínda un elemento imprescindible que as familias están obrigadas a adquirir cada comezo de curso. En realidade, ao esixir este esforzo económico non se cumpre co precepto constitucional, nin se garante a igualdade de oportunidades de todos e todas á educación.

Por Orde de 6 de xuño de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 12 de xuño), convocouse o programa de grautidade de libros de texto nos centros de ensino sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos, e establececéronse as súas normas de organización e funcionamento como un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos, como servizo de préstamos que favorece a igualdade de oportunidades entre o alumnado e inculca valores de solidariedade, conservación do material para a súa reutilización por outras persoas e coidado do ben colectivo.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

No curso 2009-2010 dase un paso atrás, cunha obsesión da actual Consellaría de Educación de dismantelar os logros conseguidos en etapas anteriores argumentando que non adoptara aínda medidas concretas sobre o programa impulsado polo goberno anterior.

Rexeitamos que unha das primeiras medidas que pon en marcha o goberno do PP sexa a de apoiar os recortes sociais. Queremos lembrar, que a día de hoxe hai en Galicia 82.000 familias agardando que a Consellaría de Educación defina a súa política en materia educativa, porque aínda non saben que vai pasar cos libros de texto no vindeiro curso académico e qué vai pasar co programa de gratuidade dos libros de texto.

Consideramos inaceptábel a supresión da gratuidade universal dos libros de texto, anunciada polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, na sesión do Consello Escolar de Galiza do 18 de xuño, admitidas tamén polo presidente da Xunta de Galicia. Esta proposta de recorte, xunto con outras que a Consellaría de Educación está levando adiante nestes primeiros meses do seu mandato, supón unha medida regresiva que atenta ao carácter público e gratuíto do ensino, e evidencia unha vez máis a política negligente que este goberno está a levar a cabo. Esta medida non pode ser a resposta do Goberno aos problemas económicos na actual situación, tal e como argumentou o conselleiro. De feito, nun contexto económico precario, o Goberno debe manter a gratuidade dos libros de texto para favorecer a economía das familias, e non usar a crise como pretexto para artellar discrecionalmente calquera tipo de política, mesmo aquelas que supoñen un ataque frontal ás garantías fundamentais polas que o Goberno debe velar. Esta política supón un paso atrás no plano educativo e social.

A tres meses da toma de posesión non sabe qué política educativa vai empregar, finalizando o curso cun total desconcerto e desconfianza por parte das familias.

É curiosa a maneira de entender a responsabilidade deste novo goberno que, por unha banda, realiza unha absurda enquisa ás nais e aos pais sobre a lingua na que queren os contidos dos libros de texto e, pola outra, toma despoticamente a decisión de eliminar a gratuidade dos mesmos.

Finalmente, debemos recordar que o sistema creado polo anterior goberno da Xunta de Galicia introducía a solidariedade de compartir os libros, e que existen 82.000 familias agardando unha decisión.

Por todo isto, propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico.”

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Alcalde explica que co Decreto da Xunta só hai libros gratuítos para o 25% das familias, un 40% vai ter algún tipo de axudas, polo que só un 65% da poboación vai ter algún tipo de axuda, o que supón un recorte para a educación, polo que non se debería discriminar do mesmo xeito que se fixo coas axudas dos coches, e se hai que aforrar poderíase facer noutras cousas.

O Sr. Varela di que desde o PSOE deberían falar de medidas social-demócratas, e que esta medida da Xunta de Galicia o é. Sinala que axudas como o cheque bebé e os 400 euros recibírono todos independentemente dos ingresos, e que non é posible subvencionar a todo o



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

mundo. Considera que é unha medida acertada a gratuidade dos libros en devandita porcentaxe e é normal axudar a ese 25% e que un 35 ou 40 % teñan que pagar os libros, xa que gobernar a

golpe de talonario é electoralista e a Xunta é un goberno responsable que actúa en consecuencia coa crise que estamos vivindo.

O Sr. Alcalde di que esa filosofía está moi ben, pero que á hora de subir os impostos aos que máis teñen a postura do PP é non apoiar esas medidas. Sinala tamén que se debería de aferrar noutras cousas pero non na no ensino obrigatorio, que é un dos pilares básicos do estado de benestar.

Sometida a moción a votación é aprobada por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, catro abstencións do grupo PP (D. Manuel L. Varela Rodríguez, D. José Castor Novoa Fernández, D. Manuel Diéguez Carballo, e D^a M^a Cándida Carneiro Blanco), e un voto en contra do grupo PP (D^a M^a Isabel Carbón Seijas).

TRAMITE DE URXENCIA

O Sr. Piñeiro xustifica a urxencia da proposta de xestión indirecta do servizo de gardería infantil municipal na necesidade de manter o servizo, que finaliza no mes de agosto, ata finais de ano unha vez realizado o traspaso do mesmo ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

Sometida a urxencia a votación é aprobada por unanimidade.

GESTION INDIRECTA DO SERVIZO DE GARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL HASTA TANTO SEXA EFECTIVA A INTEGRACION DA MESMA NO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR. EXPTE: 264/86/2009.

D. Ildfonso Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas polo Decreto de data 29/08/2007, de delegacións de atribucións de Alcaldía no Tenente de Alcalde, e por motivos de urxencia ao amparo dos artigos 82.3, 93 e 97.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Resultando que por acordo plenario de data 27/09/2007 aprobouse a integración do Concello de Chantada no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os estatutos do Consorcio publicados no DOGA de data 7/07/2006, designándose como representante do Concello nos órganos reitores do Consorcio ao tenente de alcalde, D. Ildfonso Piñeiro Díaz (convenio formalizado o día 10/10/2007).

Resultando que por acordo plenario de data 30/04/2009 o Concelo acordou resolver o "Contrato de xestión indirecta do servizo público de Gardería Infantil Municipal de Chantada" por rescate do servizo con efectos do próximo día 30/08/2009, para integrar con efectos do día 1/09/2009 a Gardería infantil municipal de Chantada na Rede Galega de Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de acordo coas condicións da "Proposta de convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Chantada para a xestión da Galescola de Chantada integrada na Rede Galega de Escolas Infantís".

Tendo en conta que o "Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar" non procedeu polo momento a facer efectiva a integración neste da guadería infantil de Chantada tal e como estaba previsto, e dada a necesidade de continuar coa prestación deste servizo municipal.

Visto o informe xurídico do día 27/08/2009.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Visto o informe de Intervención do día 27/08/2009.

Considerando o disposto nos artigos 22.2 e 47.2 k) da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Considerando o disposto nos artigos 21 e 23 da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e no Decreto da alcaldía de data 28/09/2007, de delegación xenérica de atribucións no tenente de alcalde en materia de benestar social entre outras.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Piñeiro explica que a proposta supón unha prórroga do servizo de dous meses, prorrogables por outros dous, que é o tempo que se prevé para facer a transferencia da gardería ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, que se atrasou polo traspaso de poderes na Xunta, sen que iso vaia afectar ás condicións acordadas naquel momento.

O Sr. Varela sinala que xa dixo naquel momento que deberían esperarse a ver o que ocorría coas garderías coa nova Xunta, e agora dannos a razón e toman esta medida rectificando a anterior.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e catro abstencións correspondentes aos membros presentes do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Posponer a integración da gardería infantil municipal de Chantada na Rede Galega de Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, continuando a xestión do servizo de gardería polo actual concesionario D. Luis González Gallego hasta tanto se faga efectiva a integración da gardería no Consorcio.

SEGUNDO.- O servizo prestarase nas mesmas condicións do contrato administrativo de data 29/11/2004, polo prazo de dous meses, prorrogables por outros dous meses. No caso de que o servizo se preste durante dous meses o concesionario so terá dereito a metade da indemnización acordada no pleno do día 30/04/2009. No caso de que o servizo se preste durante catro meses, o concesionario no terá dereito a indemnización acordada no pleno do día 30/04/2009.

TERCERO.- Notificar o presente acordo a D. Luis González Gallego, e comunicalo aos servizos centrais do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Xunta de Galicia.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

1. Sr. Varela: Na rúa Julio Camba deberían prohibir aparcar nun dos dous lados da vía, xa que ao cruzarse dous coches non se pode pasar ben.

PREGUNTAS



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

1. Sr. Varela: En que condicións fíxose a roza do concello e das estradas da Deputación á cooperativa ICOS?

-Sr. Alcalde: A roza da Deputación foi adxudicado á empresa "Madeira JR-2", e faise anualmente. A roza das pistas municipais fíxose co tractor do concello, e unha vez acabado o

contrato do tractorista contratouse á cooperativa ICOS a dobre quenda para o mes de agosto, que pon tamén a rozadora.

- Sr. Varela: Non se roza a partir do mes de setembro?

-Sr. Alcalde: Non se non se habilita outra medida. O ano pasado tivemos 5 meses de subvención dos auxiliares de Policía Local, e este ano houbo que contratalos 3 meses sen subvención, polo que hai que facelo case todo con fondos propios ao estar discriminados pola Xunta respecto dos concellos do PP.

-Sr. Varela: Habería que intentar empezar a rozar en setembro os accesos aos viñedos para a vendima. En Chantada hai moitos quilómetros de pistas propias e traballo coa rozadora para todo o ano, polo que non se debería de privar dese servizo aos cidadáns. Quizais o problema sexa a falta de xestión do concello, xa que agora hai moitos traballadores de obras traballando.

2. Sr. Novoa: En que situación se atopa a obra da rampla de "Correos", vaise a quitar?

- Sr. Alcalde: Está pendente do informe do Aparellador Municipal.

3. Sra. Carbón Seijas: Vaise a limpar a maleza da zona do río pola Confederación Hidrográfica?

- Sr. Alcalde: Hai unha promesa da Confederación.

4. Sra. Carbón Seijas: Que produtos se van a promocionar na caseta turística da praza?

- Sr. Alcalde: O concello só autoriza a localización e a conexión de electricidade, promóvese pola asociación de adegueiros, non sabemos a forma nin a dimensión exacta.

E sendo as catorce horas e trinta minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 28 de agosto de 2009

O Alcalde

O Secretario

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel